

ESTATUTOS DO “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY”

CAPÍTULO I

Da denominación, finalidades e domicilio

Artigo 1. DENOMINACIÓN E ESCUDO

1. A asociación regulada polos presentes estatutos adopta o nome de “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY”. Esta Asociación nace sen ánimo de lucro e coas finalidades que prevé o Artigo 3. Rexerase por estes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

2. A Asociación está representada por un escudo que aparecerá en tódolos seus documentos oficiais. A súa forma é circular, simbolizando a unión arredor dunha mesma cousa. O seu perímetro consiste nunha banda formada por dous círculos concéntricos. Na parte superior desta banda figura a lenda OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS, e na parte inferior figura o nome FERNANDO MONROY. Separando estas dúas inscricións figuran dous pequenos círculos, de tamaño menor cas letras. O interior do espacio delimitado pola banda está dividido en catro partes de igual tamaño por medio dunha liña vertical e doutra horizontal. En cada unha das catro partes inclúese un símbolo que representa a cada un dos barrios que conforman Cesantes. O símbolo da parte superior esquerda representa ó barrio de San Pedro e é reprodución do peixe empregado na antiga iconografía cristiá. O símbolo da parte superior dereita representa ó barrio do Carballiño, e está formado polo contorno dunha árbore sobre a liña do chan. O símbolo da parte inferior esquerda representa ó barrio do Coto, e amósase coma o cume dun monte. Finalmente, o símbolo da parte inferior dereita representa ó barrio do Outeiro de Penas, e ten a forma dun monte con varios cumes de diferente altura. No centro deste escudo e sobre as liñas que o dividen, dispónse un cadrado de esquinas arredondadas, colocado de maneira que os seus vértices coinciden coas liñas divisorias. No interior deste cadrado figura un símbolo que representa á persoa de Fernando Monroy Sobral, e que está formado polas iniciais do seu nome, superpostas segundo o seu propio deseño. O cadrado simboliza o traballo de Fernando Monroy a prol do pobo de Cesantes, e constitúe a peza central do escudo e da Asociación. As cores orixinais do escudo son dúas: verde e vermella. As letras, os círculos, as liñas e os símbolos que representan ós barrios de Cesantes figuran en cor verde, mentres que o símbolo central e o cadrado son vermellos. A aparencia deste escudo é a que se amosa na figura 1.



Figura 1. Escudo do “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY”

Artigo 2. ÁMBITO DE ACTUACIÓN E LINGUA

1. A asociación “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY” ten personalidade xurídica para cumprir as súas finalidades, para rexer os seus bens e para exercer os seus dereitos. O seu ámbito de actuación fundamental será o de Cesantes en particular, e o de Redondela e Galicia a nivel xeral.

2. O galego é a lingua que a asociación establece para a realización das súas actividades e para os seus asociados actuantes como membros da Asociación.

Artigo 3. FINALIDADES

1. A asociación “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY” nace coa finalidade xeral de:

- a) Divulgar os principais aspectos da vida e obra social de Fernando Monroy Sobral.
- b) Promover e divulgar estudos sobre a historia de Cesantes, e sobre outros aspectos xerais que sexan de interese para o pobo.
- c) Crear un museo-biblioteca onde se recollan os traballos do obradoiro, así coma aqueloutros que non se tendo feito no seo do mesmo, a xuízo deste, se consideren convenientes ou necesarios para a consecución dos seus obxectivos.
- d) Protexer o patrimonio de Cesantes en calquera das súas manifestacións e realizar cantas accións fosen precisas para a súa conservación, mantemento e acrecentamento, co fin de que as xeracións vindeiras coñezan a historia e o patrimonio da parroquia.

2. Para acadar os seus fins, a asociación desenvolverá as seguintes actividades:

- a) Creación dun fondo histórico.
- b) Coordinación das entidades, grupos e persoas interesadas no estudo de tódolos aspectos relacionados cos fins desta Asociación.
- c) Constitución de grupos de traballo para a realización de estudos referentes ós fins fixados nos Estatutos.

- d) Celebración e asistencia a cursos, seminarios, exposicións, conferencias, congresos, certames, así como a calquera outra forma de intercomunicación sobre temas relacionados cos fins desta Asociación.
- e) Publicación e divulgación escrita ou visual das actividades do Obradoiro, especialmente os resultados dos grupos de traballo, así como a constitución de arquivos de documentación pertinentes ós efectos das actividades a realizar.
- f) Manter relacións con outras organizacións, grupos de traballo ou entidades que comparten obxectivos semellantes, independentemente do seu ámbito de actuación.
- g) Celebración de concursos e premios de temas relacionados cos fins desta asociación.

Artigo 4. DOMICILIO SOCIAL

A asociación “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY” terá o seu domicilio en Barrio do Coto, 44-A, Aptdo. 36693 Cesantes (Redondela). Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

Artigo 5. DURACIÓN DA ASOCIACIÓN

A Asociación constitúese por tempo indefinido, non podendo disolverse máis que por algunha das causas previstas na lei e nos presentes estatutos.

CAPÍTULO II **Dos asociados**

Artigo 6. ASOCIADOS

1. A Asociación estará integrada por todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica.
2. Periodicamente a Xunta Directiva poderá decidir o nomeamento de asociados de honra entre persoas de reconecido prestixio. Os asociados de honra, á marxe da certificación honorífica correspondente, terán os mesmos dereitos e obrigas que os demais asociados, estando liberados do pagamento de cotas.
3. Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados:
 - a) Fundadores, aquelas persoas que suscribiron a acta fundacional.
 - b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á suscripción da acta fundacional.
 - c) Honorarios, aquelas persoas que a xuízo da Asemblea Xeral axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

- d) Xuvenís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, e que estarán integradas na súa propia sección.
- e) Protectores, aquelas persoas que sen pertencer a ningún dos tipos de socios anteriores, por simpatía coa Asociación, colaboren exclusivamente ó seu sostemento.

Artigo 7. DA SECCIÓN XUVENIL

1. No seo da Asociación e por acordo da Xunta Directiva, coa intención de dar participación e recoñecemento na vida societaria a aquelas persoas que pola súa idade non poidan pertencer á asociación como socios de número, constituirase unha sección xuvenil. Os seus membros non poderán ter máis de 18 anos e o seu ingreso deberá facerse co consentimento das persoas que legalmente os representen.

2. Estes membros xuvenís serán todos aqueles que reúnan os requisitos esixibles para os socios de número agás a idade.

3. O réxime xurídico dos membros xuvenís e da Sección Xuvenil, axustarase ó regulamento acordado pola Xunta Directiva que, no seu caso, conferirá ós mesmos unha cota especial para a súa idade e iguais dereitos sociais que os socios de número, salvo o dereito a voto e o de pertencer á Xunta Directiva da asociación.

4. A Sección Xuvenil poderá estar representada na Xunta Directiva da Asociación por un dos seus Vogais. A Sección elixirá entre os seus membros un delegado, na forma que se estableza no regulamento acordado pola Xunta Directiva da Asociación e a súa designación comezará e concluírá ó mesmo tempo, e polos mesmos motivos que as do resto dos membros da Xunta Directiva. O delegado xuvenil deberá ser elixido de xeito libre e democrático entre os socios xuvenís, e as súas funcións serán todas aquelas que regulamentariamente se fixen e que o resto dos socios xuvenís lle atribúan, dentro do marco dos presentes Estatutos e dos regulamentos que os desenvolvan, sendo fundamentalmente de relación cos socios e Xunta Directiva da asociación "OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY".

5. O ser membro da Sección Xuvenil dará preferencia de entrada ós seus membros na asociación "OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY", o que redundará na súa admisión automática nesta Asociación polo so feito da adquisición da plena capacidade de obrar (maioría de idade ou emancipación).

Artigo 8. DEREITOS DOS ASOCIADOS

Son dereitos dos asociados:

- a) Participar nas actividades internas e públicas da Asociación para cumprir os obxectivos previstos no Artigo 3 dos presentes Estatutos .
- b) Empregar os servizos da Asociación e tomar parte nas súas actividades.
- c) Exercer o dereito de voz e voto nas asembleas da Asociación.
- d) Elixir e ser elixido para os órganos de decisión e de representación da Asociación.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.

- f) Dirixirse á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral cando coiden oportuno.
- g) Impugnar os acordos conforme á lexislación vixente.
- h) Dimitir de calquera cargo que ostenten na Asociación.
- i) Ter copia destes Estatutos.
- k) Tódoos outros que preveñen os presentes Estatutos e a lexislación vixente.

Artigo 9. OBRIGAS DOS ASOCIADOS

Son obrigas dos asociados:

- a) Cumprir estes Estatutos e os acordos válidos que tome a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- b) Cumprir as obrigas do cargo que ostente e da función que teña aceptada.
- c) Pagar a cota periódica acordada pola Asemblea Xeral.
- d) Manter unha actuación persoal na liña dos principios e obxectivos da Asociación.
- e) Asistir ás Asembleas Xerais.
- f) Observar unha boa conducta individual e cívica.

Artigo 10. ASOCIADOS HONORARIOS E XUVENÍS

Os asociados honorarios e xuvenís non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 11. ACORDOS DE ADMISIÓN

Os acordos de admisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo devandito representante, pai ou titor e acompañarase dunha acreditación da identidade do solicitante.

Artigo 12. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Os asociados poderán ser sancionados polo incumprimento das súas obrigas estatutarias mediante amonestación feita pola Xunta Directiva nunha das súas sesións, con separación provisoria por un tempo non superior a un ano, ou separación definitiva da Asociación. A decisión será tomada en expediente e contra ela o asociado poderá recorrer ante a Asemblea Xeral, que decidirá definitivamente, en petición que formulará antes de vinte días naturais posteriores a recibir a sanción.

Artigo 13. PERDA DA CONDICIÓN DE ASOCIADO

Perderase a calidade de asociado:

- a) Por falecemento.
- b) Por baixa voluntaria da Asociación.
- c) Se se deixan de abonar as cotas anuais, e sen prexuízo de serlle reclamada a cantidade adebedada. Neste caso poderá rehabilitarse por medio do pago da débeda.
- d) Por acordo sancionador previsto no Artigo 12 dos presentes Estatutos.
- e) Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación.

CAPÍTULO III **Dos órganos de goberno e administración**

Artigo 14. ÓRGANOS DE GOBERNO

A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 15. ASEMBLEA XERAL

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de decisión da Asociación e nela terán dereito a voz e voto tódolos asociados presentes, agás os asociados xuvenís e honorarios.
2. A Asemblea Xeral pode ser ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 16. REPRESENTACIÓN

1. O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra.
2. O Presidente e os restantes membros da Xunta Directiva serán designados pola Asemblea Xeral, entre os asociados que teñan polo menos 1 ano de antigüidade, e o seu mandato durará 4 anos.

Artigo 17. COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

1. A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres Vogais, cargos que deberán recaer en asociados que leven polo menos un ano na Asociación.
2. Tamén haberá un representante da Sección Xuvenil.

3. O número de Vogais poderá ampliarse a proposta da Xunta Directiva. A inclusión dos novos Vogais deberá ratificarse na Asemblea Xeral inmediatamente posterior ó seu nomeamento.

Artigo 18. ELECCIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA

1. Tódolos cargos da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral, de entre os seus asociados cun ano de antigüidade, a través de voto segredo, directo e persoal.

2. A Asemblea Xeral elixirá sete membros, que serán os que obteñan maior número de votos de entre tódolos asociados. Cada asociado poderá votar en cada papeleta a un máximo de sete candidatos.

3. O asociado que teña o maior número de votos será o que ocupe o cargo de Presidente, e encargarse de designar os cargos dos restantes seis asociados elixidos, do xeito que considere máis conveniente. En caso de que houbera empate entre os socios máis votados, volverase a votar, e se aínda así persistise o empate, será Presidente o asociado con máis antigüidade, ou finalmente, o de maior idade.

4. Os cargos da Xunta Directiva renovaranse por turnos. No primeiro turno serán renovados o Vicepresidente, o Tesoureiro e un Vogal, e no segundo, ó ano seguinte, o Presidente, o Secretario e os outros dous Vogais. O primeiro mandato dos cargos do segundo turno de renovación durará 1 ano máis.

5. A Xunta Directiva será elixida por un período de 4 anos e os seus membros poderán ser elixidos como máximo durante dous mandatos seguidos.

6. As vacantes que se poidesen producir na Xunta Directiva, cubriranse provisionalmente por designación da propia Xunta Directiva, que terá que comunicalo na primeira Asemblea Xeral, a cal deberá ratificar ou modificar ditos nomeamentos. Cando se produzan baixas no seo da Xunta Directiva estas deberán ser comunicadas ós asociados.

7. O persoal de secretaría, se o hai, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará ademais a súa retribución.

Artigo 19. FUNCIONES DA XUNTA DIRECTIVA

1. É función da Xunta Directiva programar e dirixir as actividades asociativas, levar a xestión administrativa e económica da Asociación, e someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior.

2. A Xunta Directiva procederá a convocar e fixar a data da Asemblea Xeral, fixar as cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización, e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea

Xeral. Corresponderanlle tamén todas aquelas actividades que lle sexan transferidas pola devandita Asemblea.

Artigo 20. REUNIÓNS E ACORDOS DA XUNTA DIRECTIVA

1. A Xunta Directiva celebrará as súas sesións tantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.
2. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.
3. Das sesións o Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente, levantará acta que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 21. PRESIDENCIA DA ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral de asociados é o órgano de expresión da vontade da Asociación, e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV

Das Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria

Artigo 22. ASEMBLEA XERAL

1. A Asemblea Xeral reunirse obrigatoriamente polo menos unha vez ó ano.
2. A Asemblea Xeral será convocada por escrito pola Xunta Directiva con dez días de antelación, indicando a orde do día, lugar e hora da mesma. A convocatoria realizarase por iniciativa do Presidente, ou por petición dun tercio dos asociados.
3. A Asemblea Xeral considerárase constituída en primeira convocatoria coa maioría simple dos asociados; en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cos asociados presentes. Adoptaranse os acordos por maioría simple de votos se se tratase dunha Asemblea Ordinaria, e por maioría de dous tercios dos presentes con dereito a voto, no caso de ser Extraordinaria.
4. As decisións dunha Asemblea Xeral so poderán ser modificadas por outra Asemblea Xeral.

Artigo 23. ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

1. A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro do primeiro trimestre de cada ano.

2. Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar a acta da reunión anterior.
- b) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- c) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- d) Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- e) Exame e aprobación das cotas.

Artigo 24. ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) A elección da Xunta Directiva.
- b) A modificación dos Estatutos da Asociación.
- c) A adhesión ou separación de colectivos.
- d) A disposición ou alleamento de bens.
- e) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- f) A consecución de obrigas de creto e préstamo.
- g) A disolución ou fusión da Asociación.
- h) Designar ós liquidadores.
- i) Ratificar a expulsión de asociados a proposta da Xunta Directiva.
- k) Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
- l) As que sexan de competencia da Asemblea Ordinaria e, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- m) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 25.

1. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e serán asinados polo Presidente e o Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

2. Cando se traten temas como os de disposición ou alleamento de bens, destitución da Xunta Directiva, solicitude de utilidade pública, modificación dos Estatutos e disolución da Asociación, serán necesarios, para a validación dos acordos, o voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados presentes.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso ós non asistentes.

Artigo 26.

As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Acto seguido procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada. Posteriormente, o Secretario procederá a plantexar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 27.

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedida a vía para recurrir perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO V

Do funcionamento da Asociación

Artigo 28. GRUPOS DE TRABAJO

1. Poderán constituírse Grupos de Traballo polos asociados que propoñan calquer acto ou actividade incluída nas finalidades do Obradoiro, previo coñecemento e aprobación por parte da Xunta Directiva do funcionamento, obxectivos e outras características da mesma. Os colectivos indicados poderán constituírse en Grupos de Traballo sectoriais e neles, e noutros, poderán integrarse novos asociados.

2. Os traballos dos asociados quedarán no Arquivo do Obradoiro sen prexuízo da publicación individual polas persoas que os realizasen, pero só se poderá facer constar na publicación a condición de se ter realizado como traballo polo Obradoiro ou polos seus membros se a Xunta Directiva o autoriza expresamente por escrito.

3. Os Grupos de Traballo atenderán as demandas que o Obradoiro lles faga co fin de informar á Xunta Directiva sobre a súa actividade específica.

4. Os Grupos de Traballo deberán necesariamente participar nas formas de coordinación que se establezan pola Xunta Directiva.

Artigo 29. PRESTACIÓN DE SERVICIOS

A Asociación disporá de servizos que poderán ser utilizados polos asociados, e tamén por aquelas persoas que non o sexan, se a Xunta Directiva así o decide.

CAPÍTULO VI

Das funcións dos cargos da Xunta Directiva

Artigo 30. PRESIDENTE

Corresponde ó Presidente:

- a) Presidir e convocar as reunións da Xunta Directiva e das Asembleas, e dirixir os debates.
- b) Representar legalmente á Asociación.
- c) Asinar e outorgar poderes e calquera outro documento.
- d) Facer cumprir os acordos da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral.

Artigo 31. VICEPRESIDENTE

O Vicepresidente substituirá ó Presidente por ausencia ou indisposición deste, e actuará por delegación deste nas misións que lle encomende.

Artigo 32. SECRETARIO

Corresponde ó Secretario:

- a) Ter conta do Libro de Rexistro de Socios, o Libro de Actas e outros documentos da Asociación.
- b) Redactar e asinar as Actas das Xuntas Directivas e das Asembleas; estender as certificacións e outros documentos autorizándoos coa súa sinatura e visto e praxe do Presidente.
- c) Redactar a Memoria Anual tocante á situación da Asociación e sometela á aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria, así como redactar as convocatorias e informes que saian da Xunta Directiva.
- d) Manter a correspondencia da Asociación.
- e) Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso.
- f) Velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións, e dos Estatutos e regulamentos da Asociación, así coma informar e asesorar á Xunta Directiva en materia de interpretación regulamentaria e de calquera outra, cando reciba este encargo.

Artigo 33. TESOUREIRO

Corresponde ó Tesoureiro:

- a) Manter a contabilidade da Asociación nos correspondentes libros de ingresos e gastos, e informar para o visto e praxe do Presidente.
- b) Custodiar os fondos sociais.

- c) Efectuar pagos e cobros. Se os pagos superan os 300 euros, deberá realizalos xuntamente co Presidente. Manterá unha conta bancaria a nome da Asociación, na que terán firma conxunta el e máis o Presidente.
- d) Confeccionar anualmente o Inventario-Balance e presentarllo á Asemblea Xeral para a súa aprobación e redactar o orzamento do ano entrante.

Artigo 34. OUTROS MEMBROS

As funcións dos demais membros da Xunta Directiva especificaranse no Regulamento Interno do Obradoiro.

CAPÍTULO VII **Do réxime económico**

Artigo 35. PATRIMONIO DA ASOCIACIÓN

1. A Asociación carece de patrimonio no momento de constituirse.
2. Os recursos económicos previstos para desenvolver as actividades da Asociación serán os seguintes:
 - a) As cotas periódicas ou extraordinarias que anualmente acorde a Asemblea Xeral Ordinaria, e os bens e dereitos que correspondan en propiedade á Asociación.
 - b) As subvencións, axudas ou doazóns que se poidan recibir de persoas públicas ou privadas.
 - c) Os ingresos que se obteñan por medio do rendemento de actividades, publicacións, conferencias e outras funcións sociais.

Artigo 36. ORZAMENTOS

A Xunta Directiva decidirá, dacordo co aprobado nos orzamentos, os gastos a realizar, que delegará en mans do Tesoureiro.

Artigo 37. DOAZÓNS E SUBVENCIONES

A aceptación de doazóns e subvencións a favor da Asociación corresponderalle á Xunta Directiva, sempre que non comporten gravame ou carga de calquera clase para a Asociación, sen perxuízo das posibles posteriores autorizacións administrativas.

CAPÍTULO VIII

Da modificación dos Estatutos e da disolución da Asociación

Artigo 38. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Para modificar os presentes Estatutos precísase que a Xunta Directiva, en acordo adoptado pola maioría dos seus membros, ou un mínimo de trinta asociados, presenten unha proposta de modificación e esta sexa aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria cos dous tercios dos votos presentes.

Artigo 39. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

1. A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola imposibilidade sobrevida para o cumprimento das finalidades sociais.
- b) Por vontade da Asemblea Xeral Extraordinaria acordada polos dous tercios dos votos presentes.
- c) Por sentenza xudicial.
- d) Por outras causas determinadas legalmente.

2. Os bens da Asociación, en caso de disolución, destinaranse a liquidar pasivo e o sobrante será traspasado á entidade benéfica ou cultural que determine a Asemblea. Para realizar estas funcións, a Asemblea designará unha Comisión Liquidadora.

DISPOSICIÓN FINAL

Estes Estatutos entrarán en vigor o mesmo día da súa aprobación.

A Asociación “OBRADOIRO DE ESTUDOS LOCAIS FERNANDO MONROY” constituíuse en Cesantes (Redondela) a 11 de Marzo de 2005.

D. José Manuel Bouzón Pintos con DNI nº 36032943Q

D. Manuel Nieto Cabaleiro con DNI nº 76984468H

D. Angel Ucha Rodríguez con DNI nº 76984084W

D. José Manuel Rivas Iriarte, con DNI nº 36008217S

D. Fernando Monroy Martínez, con DNI nº 36084891F

D. Gonzalo Monroy Martínez, con DNI nº 53172437W

D. Manuel López Martínez, con DNI nº 36020671A

D. Luís Medal Novas, con DNI nº 35213052Y

D. Juan Carlos Alonso Lago, con DNI nº 76996889L